

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o cinco de outubro do ano dous mil dezaoto, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, dona Ana María Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Non asisten os deputados provinciais don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º) e don Pablo Pérez Pérez, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2018.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e un de setembro de dous mil dezaoto, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, coas rectificacións que se reflicten nos acordos correspondentes ós puntos 4 e 5 desta acta.

2.- FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓNS QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade para fixación de prezos de distintas publicacións da Deputación Provincial de Ourense, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Fixar os prezos de venda ao público das seguintes publicacións, polos importes que se indican:

OBRAS	Custo maqueta/impresión + distribución	P.V.P proposto
Coedición da obra: Otero Pedrayo, R. (Outeiriño, Maribel, ed.): <i>Del Orense antiguo y otras colaboraciones</i>	Maqueta e impresión: 3.422 €. Dos que a Deputación paga o 80%=2.736,6 €. Exemplares para a Deputación: 300. -Custo da unidade sen distribuír: 9,12 € -Envío ás bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación= 3.236 € [2.736,6+500]. P.V.P. estimado para cada exemplar 3.236 €: 300 = 10,78 € A cláusula segunda do convenio asinado entre as partes, estipula o P.V.P en 10 €	10 € [IVE incluído]
Domínguez Quiroga, M.J.: <i>Toponimia da Provincia de Ourense</i>	Maqueta e impresión: 9.889,40 €. Exemplares: 500. -Custo da unidade sen distribuír: 19,77 € -Envío ás bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 9.889,40+500= 10.389,40 €	21 € [IVE incluído]

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018

	Prezo recomendado para cada exemplar: 500 = 20,70 €	
Soutelo Vázquez, R.: <i>Entre Ourense e América</i>	Maqueta e impresión: 7.031,25 €. Exemplares: 500. -Custo da unidade sen distribuír: 14,06 € -Envío ás bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 7.031,25+500=7.531,25 € Prezo recomendado para cada exemplar € : 500 = 15,06 €	15 € [IVE incluído]
Rodríguez Gracia, V. [et al.]: <i>Flora de la provincia de Ourense: Cuenca baja del río Loña</i>	Maqueta e impresión: 5.989,58 €. Exemplares: 500. -Custo da unidade sen distribuír: 11,98 € -Envío ás bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 5.989,58+500=6.489,58 € Prezo recomendado para cada exemplar 6.489,58 € : 500 = 11,98 € Hai outro libro desta colección e dos mesmos autores que ten un P.V.P. de 13 €	13 € [IVE incluído]
Dasairas Valsa, X.: <i>Terras da Mezquita e a Seabra</i>	Maqueta e impresión: 5.500 €. Exemplares: 500. -Custo da unidade sen distribuír: 11 € -Envío ás bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 5.500+500=6.000 € Prezo recomendado para cada exemplar € : 500 = 12 €	12 € [IVE incluído]
Lorenzo Pérez, C. D.: <i>Celanova ten unha foto</i>	Maqueta e impresión: 3.291 €. Exemplares: 500. -Custo da unidade sen distribuír: 6,58 € -Envío ás bibliotecas: 500 € -Custo total para a Deputación 3.291+500=3.791€ Prezo recomendado para cada exemplar € 3.791: 500 = 7,5 €	8 € [IVE incluído]

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN DO EXERCICIO 2018 RELATIVA ÁS OBRAS CORRESPONDENTES Á REDE VIARIA PROVINCIAL.

Unha vez visto o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, de modificación do Plan provincial do exercicio 2018 relativa ás obras correspondentes á rede viaria provincial, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:**

1º.- Modificar o Plan provincial do exercicio 2018 no relativo á rede viaria provincial trasladando ao plano complementario as obras seguintes:

CODIGO PLAN			DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO INICIAL
NÚM	PLAN	ANO			
103	POS	2018	Acondicionamento e Mellora integral en OU-0509 Luintra-Esgos	ESGOS	251.691,74 €
111	POS	2018	Acond./Mellora integral OU-0524 Tamallancos	PUNXÍN	45.000,00 €
118	POS	2018	Acond. e mellora integral na OU-0206 Vereia-Furriolo	VEREA	60.000,00 €
120	POS	2018	Recheo valgada OU-0804 N-525 San Vicente	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	150.000,00 €
TOTAL POS REDE VIARIA PROVINCIAL NON ADXUDICABLES EN 2018					506.691,74 €

2º.- Incorporar ao Plan principal, en substitución das anteriores, as obras seguintes:

A) Procedentes do plano complementario

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018

CÓDIGO PLAN			CLAVE	DENOMINACION	TIPO DE ACTUACIÓN	CONCELLO	PK INICIO	PK FINAL	ORZAMENTO ASINADO A ACTUACIÓN
Nº	PLAN	ANO							
205	POS	2018	OU-0801	O BARCO -SOBRADELO	Tratamento superficial con microaglomerado	Barco, O	0,65	3,00	59.874,65 €
208	POS	2018	OU-0907	SAN LOURENZO (N-525) - PARADA DA SERRA	Instalación de sistemas de contención	Gudiña, A	0,00	6,60	48.000,00 €
211	POS	2018	OU-1216	LOBEIRA (OU-1212) - GROU (OU-1212)	Instalación de sistemas de contención	Lobeira	5,00	7,30	17.659,82 €
217	POS	2018	OU-1060	FLARIZ (OU-1016) - A MADANELA	Tratamento superficial con microaglomerado	Monterrei	0,00	2,88	48.400,00 €
220	POS	2018	VARIAS	ABATIMENTOS EN VARIAS ESTRADAS	Execución abatimentos a terra	Ourense			48.400,00 €
221	POS	2018	VARIAS	SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL EN VARIAS ESTRADAS	Sinalización horizontal	Ourense			48.400,00 €
223	POS	2018	OU-0755	TRIVES (OU-536) - BARRIO	Tratamento superficial con microaglomerado	Pobra de Trives, A	0,00	2,76	48.400,00 €
224	POS	2018	OU-0864	ARÚA - VILELA	Urbanización	Rúa, A	0,00	1,10	48.400,00 €
TOTAL OBRAS COMPLEMENTARIO ADXUDICABLES EN 2018									367.534,47 €

B) Outras actuacións

CLAVE	DENOMINACION	CONCELLOS	PK INICIO	PK FINAL	TIPO DE ACTUACIÓN	ORZAMENTO
OU-0507	CASTADÓN (OU-536) - SAN MIGUEL DO CAMPO (OU-0507)	Pereiro	0,3	2,5	Reforzo de firme con formigón bituminoso e slurry	95.000,00 €
OU-0701	CABALAR (OU-636) - VILARIÑO DE CONSO	Manzaneda/Trives	6,0	6,8	Tubo metálico corugado dañado. Plaza. Estruturas. 500 m de escarificado e recargo	48.000,00 €
Municipal	Pueblo de Vilar, Pixeiros, Guntín Mosteiro, Aspra, Loureses, Outeiro, Ouvigo	Os Blancos			Conservación vías municipais	48.000,00 €
OU-0111	XUNQUEIRA DE AMBÍA (0108) - PIÑEIRA (N-525)	Xunqueira de Ambía	0,0	10,6	Limpeza drenaxe, retirada raíces e repos. firme	48.000,00 €
OU-0508	PONTE DOS GOZOS (OU-536) - PARADA DE SIL (OU-604)		4,0	5,0	Microaglomerado bicapa y regularización	48.400,00 €
						287.400,00 €

3º.- Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

4.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE SETEMBRO DE 2018, RELATIVO Á APROBACIÓN DE PAGO ANTICIPADO DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BANDE.-

O día 21 de setembro de 2018, a Xunta de Goberno desta Deputación acordou aprobar o pago anticipado, por importe de 14.999,01 euros, ao Concello de Bande, da subvención nominativa concedida por acordo da Xunta de Goberno do 21 de agosto de 2018, para reforma e mellora de iluminación na Granxa e Pazos.

Posteriormente, advertiuse que a aplicación orzamentaria que figura no acordo de concesión do anticipo é a 450.12/462.01, non a que corresponde que é a 450.12/762.01.

Polo exposto, para emenda do erro indicado, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** **acorda** que o pago anticipado

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

ao Concello de Bande, para reforma e mellora de iluminación na Granxa e Pazos, sexa con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

5.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE SETEMBRO DE 2018, RELATIVO Á APROBACIÓN DE PAGO ANTICIPADO DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BANDE.-

O día 21 de setembro de 2018, a Xunta de Goberno desta Deputación acordou aprobar o pago anticipado, por importe de 16.999 euros, ao Concello de Bande, da subvención nominativa concedida por acordo da Xunta de Goberno do 21 de agosto de 2018, para acondicionamento do núcleo rural de Vilela.

Posteriormente, advertiuse que a aplicación orzamentaria que figura no acordo de concesión do anticipo é a 450.12/462.01, non a que corresponde que é a 450.12/762.01.

Polo exposto, para emenda do erro indicado, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** que o pago anticipado ao Concello de Bande, para o acondicionamento do núcleo rural de Vilela, sexa con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA AIE AGRUPACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E FORMACIÓN DO SECTOR APÍCOLA GALEGO.-

No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 414.11/489.30, a cantidade de 15.000 euros a favor da AIE Agrupación para o Desenvolvemento e Formación do Sector Apícola Galego, para apiario experimental.

Unha vez vista a documentación presentada polo beneficiario, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención á AIE Agrupación para o Desenvolvemento e Formación do Sector Apícola Galego, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000 euros.

-Obxecto: apiario experimental.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

-Prazo xustificación: ata o 10 de decembro de 2018

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL

FETEGA.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48915-33420, unha subvención nominativa, por importe de 8.000 euros, a favor da Asociación Cultural FETEGA, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a documentación presentada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Cultural FETEGA, nos seguintes termos:

-Importe: 8.000 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL RUTAS DO VIÑO DO RIBEIRO.- Nos orzamentos desta Deputación para o exercicio 2018, figuraba con cargo á aplicación orzamentaria 431.41/479.03, unha subvención nominativa a favor do Consello do Ribeiro, por importe de 30.000,00 euros, para a ruta do viño do Ribeiro. Posteriormente, no Pleno do día 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, no que se propón o cambio de beneficiario da dita subvención, a favor da Asociación Ruta do Viño do Ribeiro.

Tendo en conta que o obxecto da subvención é a Ruta do Viño do Ribeiro 2018, unha vez vista a documentación presentada polo beneficiario, na que figura un orzamento de gastos correspondentes aos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2016, 2017 e 2018, polo importe total de 30.141,67 euros, dos que só 10.007,16 euros corresponden ao ano 2018, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda aprobar** unha subvención á Asociación Cultural Rutas do Viño do Ribeiro, nos seguintes termos:

-Importe: 10.007,16 €.

-Obxecto: Ruta do Viño do Ribeiro 2018.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN GALEGA DE GRADUADOS E ENXEÑEIROS TÉCNICOS DE TELECOMUNICACIÓNS.-

No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/489.30, a cantidade de 10.000 euros a favor da Asociación Galega de Graduados e Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicacións, para organización do II Congreso Internacional de Drons.

Unha vez vista a documentación presentada polo beneficiario, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Galega de Graduados e Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicacións, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000 euros.

-Obxecto: organización do II Congreso Internacional de Drons.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018

Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas

facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MOÁS.-

No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/789.03, a cantidade de 18.000 euros a favor da Asociación de Veciños de Moás, para arranxo do forno de Moás.

Unha vez vista a documentación presentada polo beneficiario, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención á Asociación de Veciños de Moás, do termo municipal de Paderne de Allariz, nos seguintes termos:

-Importe: 18.000 euros.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

-Obxecto: arranxo do forno de Moás.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 10 de decembro de 2018

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á UNIÓN DEPORTIVA BARBADÁS.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 341.11/482.01, a cantidade de 22.000 euros a favor da Unión Deportiva Barbadás, para gastos da tempada 2017-2018.

Unha vez vista a documentación presentada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** **acorda** aprobar unha subvención á Unión Deportiva Barbadás, nos seguintes termos:

-Importe: 22.000,00 €.

-Obxecto: gastos tempada 2017-2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018

Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á DIOCESE DE OURENSE.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 336.11/789.03, a cantidade de 24.000 euros a favor da Diocese de Ourense, para arranxo do tellado da igrexa de Mesego, no termo municipal do Carballiño.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención á Diocese de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 24.000,00 euros.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

-Obxecto: arranxo do tellado da igrexa de Mesego.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, así como licenza de obra concedida polo Concello do Carballiño e, autorización ou informe favorable da obra da Dirección xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 10 de decembro de 2018

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN HOSPITAL DE SAN CARLOS.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 231.11/789.03, a cantidade de 12.069,75 euros a favor da Fundación Hospital de San Carlos, para reforma do sistema de calefacción da residencia de anciáns.

Unha vez vista a documentación presentada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

subvención á Fundación Hospital de San Carlos, do termo municipal de Celanova, nos seguintes termos:

-Importe: 12.069,75 €.

-Obxecto: reforma do sistema de calefacción da residencia de anciáns.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 10 de decembro de 2018

14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN.- No Pleno, con data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2018, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 16.748,82 euros, a favor do Concello de Avión, para reemisor de Cortegazas.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, na que figura un proxecto polo importe de 16.748,82 euros, e unha axuda da Xunta de Galicia, para levar a cabo o dito proxecto, de 8.374,41 euros, é polo que a subvención desta Deputación pasa a ser de 8.374,41 euros. Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 8.374,41 euros.

-Obxecto: reemisor de Cortegazas.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018
--

- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 10 de decembro de 2018.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 5 de outubro de 2018

15.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BALTAR.- No Pleno, con data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2018, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.16 unha subvención nominativa, por importe de 50.000 euros, a favor do Concello de Baltar, para Plan Cultural correspondente ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención ao Concello de Baltar, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000 euros.

-Obxecto: Plan Cultural correspondente ao ano 2018.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
